

xornalescolar

La Región

mércores 2 de decembro
número 825 segunda época

Ganadores
del concurso
"Jóvenes y
mayores"

P.3-9



Restaurante cinco estrellas

Los alumnos del Albino Núñez nos cuentan
cómo ha cambiado el comedor con la pandemia P.10-11

OLGA FERNÁNDEZ aclara mitos sobre la
primera dentición de los bebés P.12



EL SAGRADO CORAZÓN DE CELANOVA cele-
bró el Día contra la violencia a la mujer P.16



ACTUALIDAD

EL CARDENAL CISNEROS EMPLEA LA FILATELIA como herramienta educativa
para que los alumnos aprendan a investigar y documentarse P.14-15

aulas abertas

CEIP ALBINO NÚÑEZ



Adaptados ós novos tempos

- NO COMEDOR DO CENTRO** os alumnos aprenden a comer de todo mentres gozan dunha experiencia que lles encanta a todos

Son moitas as cousas que cambiaron este ano nos colexios coa chegada da pandemia, pero tamén é certo que os alumnos adaptáronse moi rápido a todas elas e viven con certa normalidade a nova realidade do día a día escolar.

Un exemplo disto é o comedor, que tivo que adaptarse ós protocolos sanitarios para garantir a seguridade dos máis novos nun espacio ó que acoden con grande ilusión. "Isto é mellor ca un restaurante cinco estrelas", aseguran os alumnos do Albino Núñez mentres agardan a que lles sirvan a comida. Aquel día había garbanzos e filete. "Está todo riquísimo!", coinciden un grupo de alumnos.

A principal diferencia entre este ano e o que viña sendo habitual é a distribución dos alumnos. Cada un conta co seu propio lugar, que ten que manter durante todo o curso. Tamén hai

agora dous turnos de comida, un para os más cativos e outro para os maiores. E todos separados mantendo a oportuna distancia de seguridade. Pero isto parece non incomodar ós rapaces, ós que lles encanta comer "cos

Para os alumnos do Albino Núñez o comedor é "un restaurante cinco estrelas"

amigos". O comedor é un lugar necesario para o día a día dos centros educativos, pero máis alá é toda unha experiencia para os estudiantes. Aquí aprenden "a comer de todo" porque o menú é moi variado e saudable. A hora da comida, con ou sen coronavirus, é unha festa para eles.





MOMENTOS DA XORNADA



As alumnas do colexio Albino Núñez contáronlle ás cámaras de Telemiño que é o que más lles gusta de comer no comedor do centro.



Cales son os pratos favoritos dos alumnos? Descubrímoslo da súa propia boca para o Xornal Escolar de Telemiño.

